

I FESTIVAL DE TEATRO AMADOR GALEGO AMATEGA

Vigo, 6 de Xuño de 2015

Este Festival de Teatro Amador ten como ámbito a Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- OBXECTIVOS.

O *FESTIVAL AMATEGA* nace coas seguintes finalidades:

1. Mostrar e achegar á poboación galega o traballo que os grupos de teatro afeccionado realizamos. A presente edición celébrase na cidade de Vigo, polo que a poboación desta localidade e da Comarca poderán disfrutar de preto deste *I FESTIVAL DE TEATRO AMADOR AMATEGA*. Agardando a asistencia ao mesmo de xente de todos os puntos de Galicia.
2. Fomentar e reforzar a relación entre os grupos de teatro afeccionado de Galicia co público.
3. Ser unha cita anual a través da cal os grupos poidan publicitar e amosar os seus traballos.
4. Crear foros de debate entre o público, actores, actrices, directores/as, etc.

2.- PARTICIPACIÓN.

1. Poderán participar todos aqueles grupos de teatro amador de Galicia que estean federados na Federación de Teatro Amador Galego Amatega que acepten as condicións reflectidas nas bases.
2. Poderán participar tamén todos aqueles grupos de teatro amador de Galicia que non estean federados.
3. Na edición do ano 2015 establécese un número máximo de 10 grupos.

2.1.- Modalidade Espectáculos curtos (sketchs):

Non sobrepasarán os 20 minutos de duración e presentaránse en espazos abertos da cidade de Vigo, dentro dun percorrido deseñado pola Organización.

Nesta edición a Asociación Teatro Esteparío, A Asociación Arte Pingüe Teatro, xunto coa

Federación de Teatro Amador Galego Amatega é a encargada da posta en marcha do Festival Amatega.

3.- DATAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN:

O I Festival de Teatro Amador Galego Amatega terá lugar o día 6 de Xuño de 2015 en Vigo.

4.- PROGRAMA:

10:00/ 10:30 Chegada dos grupos de teatro participantes no festival

11:00 Lectura do pregón a cargo do director da revista galega de teatro RGT Antón Lamapereira , presentación do festival e tamén dos grupos participantes e das actividades que se van a levar a cabo durante o día.

11:30 Comenzo do Festival amenizando por grupo de música e pasarúas.

11:45 e 13:30 Representación de Sketchs nas rúas :

Principe: Farola de Principe, escaleiras museo do MARCO, Sireno. Paza da Constitución,Paza da Colexiata .

Os Sketchs non durarán máis de 15 minutos e serán representados polos grupos inscritos no festival

14:00 comida y convivencia entre os diferentes grupos de teatro no Hotel Axis C/Maria Berdiales

16:30 Pasarúas amenizado a cargo de grupo de música

16:45 a 19:00 Representación da segunda tanda de Sketchs teatrais nas mesmas calles q pola mañá.

19:30 Pequena charla a cargo de docente da ESAD sobre o significado de ser actor ou tema similar.

20:30 Representación de obra de teatro a cargo de grupo invitado

22:30 Cea no hotel Axis

5.- BASES DE PARTICIPACIÓN PARA OS SKETCHS TEATRAIS:

1. Poderanse presentar todos aqueles espectáculos que teñan en marcha os grupos participantes.
2. As obras presentadas desenvolveranse, preferentemente, en galego.
3. Enviarase a FICHA DE INSCRIPCIÓN

A través da web da Federación:

CUMPRIMENTANDO A FICHA DE INSCRIPCIÓN NA WEB DA FEDERACIÓN:

Páxina web: www.amatega.es

Correo electrónico: federacionamatega@gmail.com
programación@teatroestepario.com

TELEFÓNOS: 628011709/693434756/667232679

4. Os grupos responsabilizaráanse das tarefas de carga e descarga, así como da montaxe e desmontaxe de decorados, do seu atrezzo e escenografía.
5. A organización ofrécese a coordinar cos grupos seleccionados a solución de calquera problema ou necesidade que puidera xurdir.
6. A Organización non se responsabiliza das taxas de dereitos de autor, Sgae, contidos e demais incidencias que se poidan derivar da representación dos espectáculos de cada un dos grupos participantes.

6.- SELECCIÓN DAS OBRAS PARTICIPANTES:

1. A Organización realizará a selección das obras participantes no FESTIVAL AMATEGA e comunicará a resolución. Os grupos non seleccionados entrarán a formar parte da lista de reserva segundo a orde que marque a Organización.
2. Unha vez comunicada a selección dos grupos, estes deberán efectuar o

ingreso correspondente ao custo dos servizos utilizados (hotel, xantar, cea, almuerzo).

Hotel Axis :

Habitación + almuerzo:35 euros

Xantar :10 euros

Cea:10 euros

Pensión completa :50 euros .

7.- PUBLICIDADE:

A publicidade deste Festival correrá a cargo da Organización e se fará a través de medios de comunicación: Prensa escrita, radio, televisión e multimedia.

8.- CONFORMIDADE.

Todos os grupos participantes, polo mero feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade e comprométense a participar nos actos para os que foron seleccionados.

Asdo. A Xunta Directiva

www.amatega.es